

## ORGULLO DOS NOSOS REFERENTES

Chamábase Manuel Estévez Tato, pero todo o mundo o coñecía por **Manilo**. Traballaba na limpeza de casas e oficinas e, na Pontevedra dos anos 60 e 70, converteuse nun personaxe senlleiro pola súa personalidade e entusiasmo. Seareiro do Pontevedra C. F., era unha presenza fixa en Pasarón co seu berro, megáfono en man: “Hala, Pontevedriña! Animo, ‘chavales!’”.

Nun contexto —aínda hoxe— non sempre seguro para o colectivo no que se penalizaba cuestionar a norma sexual e de xénero, mostrouse visible como home homosexual, expoñéndose a insultos e malleiras.

Nun momento no que algunhas persoas falan con nostalgia —moitas veces non vivida— do franquismo como unha época idílica, cómpre preguntarse: para quen o foi? Para as persoas LGBTIQA+, con certeza, non. **Con Franco NON viviamos mellor.**

Malia a represión e a violencia, houbo persoas como Manilo que se fixeron orgullosamente visibles, pagando —sen excepción— un custo demasiado alto. E, aínda así, seguiron adiante.

Por iso, este ano, desde o cartel do **ORGULLO PTV+**, quixemos render lembranza e agradecemento a todos os referentes que loitaron para que hoxe poidamos ser quen somos, vivir en liberdade e ter os dereitos que nos corresponden.

Así, lembramos a **Elisa e Marcela**, que desafiaron todas as normas da súa época e casaron o 8 de xuño de 1901, adoptando Elisa a identidade masculina de Mario. Descubertas, tiveron que fuxir; mais foron as primeiras e buscaron todas as formas posibles de estaren xuntas.

Tamén lembramos que en Pontevedra estivo **Federico García Lorca**, grande amigo de **Eduardo Blanco Amor**, ambos abertamente homosexuais. Lorca foi asasinado por “rojo y maricón”, e Blanco Amor tivo que exiliarse, sufrindo todo tipo de inxustizas e aldraxes pola súa homosexualidade.

Na parroquia de Cerponzóns tivemos a María del Carmen del Valle, **señorita Carmiña** e a Juan Ucha Villaverde, **Juanito Meregildo**, que defenderon o seu dereito a vivir fóra da norma, confrontándose aos prexuízos e á incompreensión. Mais seguiron sendo quen eran, e por iso foron figuras homenaxeadas na programación cultural do Orgullo nas pasadas edicións.

O ano pasado contamos no programa **REFERENTES** con **Laura Bugalho**, a nosa querida e senlleira loitadora polos dereitos trans en Galicia, e este ano teremos a **Nacha Sánchez “La Poderosa”**, unha das protagonistas do primeiro filme sobre a realidade trans feito en España, ‘Vestidas de azul’. Ambas puxeron, unha vez máis, a cara e o corpo para que hoxe poidamos gozar de liberdade e dereitos.

Grazas por todo o camiño que nos abristes, por ser faro que nos alumea e un espello no que mirarnos. Por vós, por nós, por todes: seguiremos nas rúas celebrando a diversidade, denunciando as inxustizas e berrando que...

**os nosos dereitos NON se tocan.**

#ninunpasoatras  
#ORGULLOPTV+

AVANTE  
LGBT+

arelas  
ASOCIACIÓN GALIÇA DE PERSOAS E PERSOAS TRANS DE GALIÇA

Unidade de Diversidade  
Universidade de Vigo

  
Concello  
de Pontevedra

 **ORGULLO  
PTV+**

**PROGRAMA  
15/05-27/06**



Idea, concepción e deseño: Capricia. Ilustración: Mónica Sousa

#ninunpasoatras  
#ORGULLOPTV+

AVANTE  
LGBT+

arelas  
ASOCIACIÓN GALIÇA DE PERSOAS E PERSOAS TRANS DE GALIÇA

Unidade de Diversidade  
Universidade de Vigo

  
Concello  
de Pontevedra

## 15 MAIO

19.30 h

OUTRA LINGUAXE É POSIBLE

Presentación do libro "Guía de linguagem não binária", de Através Editora

Con **Nee Barros**

[Librería Paz](#)

Peregrina, 29

## 22 MAIO

19.30 h

DESBORDAMENTOS, DESEXOS

E OUTRAS INCOMODIDADES GORDAS

Presentación do libro "Razóns de peso", de Catro Ventos Editora

Con **Andrea Nunes** e **Leticia Citoula** (coordinadoras) e **Nee Barros** (editore)

[Librería Metáfora](#)

Travesía Charino, 9

## 4 XUÑO

19.00 h

PRESENTACIÓN DA INSTALACIÓN "ORGULLO PTV+ REFERENTES"

no balcón da casa consistorial, coa actuación de **SenD-coro**

[Concello de Pontevedra](#)

Praza de España, 1

20.00 h

Con Franco NON viviamos mellor

Vermú-Faladoiro **PINTO E MARAGOTA**

con **Daniela Ferrández** e **Carlos Callón**

[Casa das Campás](#)

Rúa don Filiberto, 9

## 8 XUÑO

DÍA DA VISIBILIDADE LÉSBICA GALEGA

20.00 h

A SITUACIÓN DAS MULLERES LESBIANAS EN GALICIA

Faladoiro con **Marta Herraiz**

a partir do estudo impulsado por **LesWorking** e a **Xunta de Galicia**, elaborado pola **USC**.

[Casa das Campás](#)

Rúa don Filiberto, 9

\*Ao rematar, un brinde en **La Hormiga**

polo 125 aniversario de voda de **Elisa** e **Marcela**

## 11 XUÑO

20.00 h

A COMUNIDADE CUIR NO FOLCLORE GALEGO

Faladoiro con **Ana Canabal**, **Chechu Riquelme** e **Xandre Outeiro**

[Casa das Campás](#)

Rúa don Filiberto, 9

## 15 XUÑO

19.00 h

ROTEIRO POLA MEMORIA CUIR DE PONTEVEDRA

Actividade de **PINTO E MARAGOTA**

Inscripcións a través do correo-e:

[info@pintoemaragota.gal](mailto:info@pintoemaragota.gal)

## 16 XUÑO

20.00 h

MEDRAR SENDO QUEN ES: REALIDADES TRANS,

FAMILIAS E ESPAZOS SEGUROS

Faladoiro a cargo de **ARELAS**, **Asociación de familias de menores e mocidade Trans de Galicia**

[Casa das Campás](#)

Rúa don Filiberto, 9

## 18 XUÑO

20.00 h

REFERENTES: NACHA VESTIDA DE AZUL

Faladoiro con **Nacha Sánchez** "La Poderosa"

Gravación de pódcast en directo

[Casa das Campás](#)

Rúa don Filiberto, 9

## 19 XUÑO

19.00 h

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN

"A COR COMO PONTE"

Obra de **Lucía Villar** e **Noa González**

Organizada por **Feira Marica**

Comisaria: **Carmen Romero**

[Confeitaria Landín](#)

Michelena 40

## 20 XUÑO

II FEIRA DE ARTE MARICA

De 12.00 a 20.00 h

[Xardíns de Marescot](#)

(diante da Facultade de Belas Artes)

## 23 XUÑO

20.30 h

SAN XOÁN CUIR

Vermú de **PINTO E MARAGOTA**

con **DJ Beti de la Church**

Música e petiscos de sardiñas, en colaboración con

[La Hormiga](#)

Campiño de Santa María

## 25 XUÑO

20.00 h

MÁIS QUE CANASTRAS: IDENTIDADE E XOGO

Faladoiro con **Paula Ginzo**,

xogadora profesional de baloncesto

[Casa das Campás](#)

Rúa don Filiberto, 9

## 27 XUÑO

FESTA DO ORGULLO PTV+ 2026

[Parque das Palmeiras](#)

Pontevedra

13.00 h

Comeza a festa: Mamma mia!

**HAPPY SINGERS**

13.30 h

Vermú musical

con **PROJECTO MOURENTE**

XANTAR DIVERSO NAS PALMEIRAS

CON MÚSICA PETARDA

16.00 h

Tardeo

con **DUENDENETA DILLEIS**

20.00 h

MANIFESTACIÓN ORGULLO 2026

Con Franco NON viviamos mellor

Lectura do manifesto,

tamén en lingua de signos

21.00 h

Drag Show

con **KELLY AMETHYST** E **ESCARLATINA PIER**

22.00 h

Menos mal!

Concerto de **MONTEDAPENA**

23.00 h

SEÑORA DJ

00.30 h

**GORLLITOX**

02.00 h

Fin de festa

\*Durante toda a xornada:

-PUNTO ARCO IRIS

-POSTO INFORMATIVO

de Avante LGBT+ Pontevedra e Arelas

